

RESOLUCIÓN

Expediente núm.: 2078/2025

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Accións de Carácter Cultural

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Visto o informe da técnica de turismo, sobre a proposta de bases que rexerán o Concurso de Decoración de Cabazas de Samáin.

INFORME

En relación ao desenvolvemento do Concurso de Cabazas decoradas de Samáin, expóñense as bases que o rexerán.

Para a elaboración das citadas bases tivéronse en conta técnicas de decoración de cabazas, a idade dos participantes e a inclusión de colectivos como os usuarios do centro Aspromor e da Residencia de Maiores, para promover e velar pola cultura e as tradicións.

Por todo iso, de conformidade co artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, elévase á Alcaldía a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

1.- Aprobar as BASES QUE REXERÁN O CONCURSO DE CABAZAS DECORADAS DE SAMÁIN, que figuran no anexo.

2.- Que se publiquen as BASES QUE REXERÁN O CABAZAS DECORADAS DE SAMÁIN mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello <https://ortigueira.sedelectronica.es/board>.

3.- Abrir un prazo do 20 AO 25 DE OUTUBRO DE 2025.

No exercicio das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local adóptase a seguinte:

RESOLUCIÓN

1.- Aprobar as BASES QUE REXERÁN O CONCURSO DE CABAZAS DECORADAS DE SAMÁIN, que figuran no anexo.



2.- Que se publiquen as BASES QUE REXERÁN O CABAZAS DECORADAS DE SAMÁIN mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello <https://ortigueira.sedelectronica.es/board>.

3.- Abrir un prazo do 20 AO 25 DE OUTUBRO DE 2025.

En Ortigueira, na data indicada na marxe
O alcalde

Dilixencia de Secretaría Xeral

Para facer constar que , para os efectos do disposto no artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas; esta resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucións deste Concello na data da miña sinatura.

O secretario xeral

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE





Concello de Ortigueira

Sendo o Samaín unha festividade de interese cultural e tradicional en Galicia, a concellería de Facenda e Promoción Económica do Concello de Ortigueira convoca un concurso de decoración de cabazas de Samaín, cas seguintes bases que o rexerán:

BASES DO CONCURSO DE CABAZAS DECORADAS SAMAÍN 2025.

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto do concurso consiste en presentar unha cabaza natural decorada (tallada ou pintada), que poderá estar baleira ou non.

SEGUNDA.- ÁMBITO DE PARTICIPACIÓN.

Poderán participar, a título individual, persoas de todas as idades acorde cas seguintes categorías:

- **3 a 6 anos.**
- **7 a 12 anos.**
- **13 a 18 anos.**
- **Maiores de idade.**
- **Aspromor.**
- **Residencia de persoas maiores “Dolores Díaz Dávila”.**

TERCEIRA.- MODO DE PARTICIPACIÓN.

Todas as persoas que desexen participar deberán entregar as cabazas **na oficina de turismo de Ortigueira, de 9:00 h a 14:30 h.**

O **prazo de presentación** comezará o luns 20 de outubro e rematará o venres 24 de outubro.

Os **participantes no obradoiro de cabazas**, organizado polo concello de Ortigueira o sábado 25, poderán entregar a súa cabaza o mesmo día.

As cabazas deberán levar un sobre pechado, que no seu interior conterá o nome do/da participante e un teléfono de contacto. No exterior do sobre figurará a idade do concursante e o nome da obra.

As cabazas presentadas fóra de prazo non participarán no concurso.

CUARTA.- XURADO.

O xurado estará formado por:

Presidente:

- Sr. Alcalde ou Concelleiro/a en quen delegue.

Vogais:

- Concelleira de Facenda e Promoción Económica.
- Un/ha traballador/a do departamento de turismo.

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536





Concello de Ortigueira

- Un/ha traballador/a do departamento de cultura.
- Un membro dunha asociación do concello.

Actuará como secretario/a un/unha funcionario/a municipal.

Cada membro do xurado terá voz e voto excepto o que asuma as función de secretario/a do xurado, que non terá nin voz nin voto.

O xurado valorará a orixinalidade e a creatividade en función das categorías.

A decisión do xurado será inapelable e poderá declarar deserto o premio, no caso de considerar que as cabazas non reúnen as condicións precisas.

O fallo do xurado será no andar primeiro do Mercado Municipal de Ortigueira ás 19 horas do día 25 de outubro.

Todos os participantes gañadores deberán estar no momento da entrega de premios. De non estar presentes premiarase a seguinte obra valorada polo xurado. Os menores de idade deberán estar acompañados dun titor.

A relación de premiados e premiadas será publicada no taboleiro da Casa do Concello e na sede electrónica. A información será difundida nas redes sociais municipais.

QUINTA.- PREMIOS.

Establécense os seguintes premios:

- **Categoría de 3 a 7 anos:** 1 premio gañador.
- **Categoría de 7 a 12 anos:** 1 premio gañador.
- **Categoría de 13 a 18 anos:** 1 premio gañador.
- **Categoría maiores de idade:** 1 premio gañador.
- **Premio Aspromor.**
- **Premio Residencia de persoas maiores “Dolores Díaz Dávila”.**

Todas as persoas participantes recibirán un agasallo.

A entrega de premios será no Centro Social de Ortigueira ás 19 horas do día 25 de outubro, a continuación do fallo do xurado.

SEXTA.- NORMAS ADICIONAIS.

Os/as participantes deberán recoller a súa cabaza despois da entrega de premios. De non ser así, o persoal autorizado farase cargo da retirada das mesmas.

SÉTIMA.- ACEPTACIÓN DAS BASES.

A participación no concurso implica a aceptación destas bases.

OITAVA.- PUBLICIDADE.

O anuncio das bases publicárase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e o contido das mesmas na Sede Electrónica do Concello de Ortigueira.

